

GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta a seguinte PROPOSICIÓN, solicitando que o Pleno do Concello de Pontevedra inste o seu alcalde a propoñer no Padroado do Centro Asociado da UNED **A APERTURA DOS XARDÍNS DO SEU CENTRO DE MONTE PORREIRO Á CIDADANÍA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con 4.736 habitantes inscritos no Padrón Municipal en setembro de 2016, o de Monte Porreiro é na actualidade o barrio con máis poboación de Pontevedra. En boa medida en atención a iso, as distintas administracións foron dotándoo de servizos (centro de saúde, instituto Luís Seoane, CEIP Marcos da Portela, Galiña Azul, centro cívico...) cos que ir reparando carencias históricas.

Con todo, a veciñanza segue reclamando melloras que fagan máis agradable o feito de residir nunha contorna sobre a que aínda pesa o deficiente deseño da Urbanización no tempo do "desarrollismo".

Desde 1987 acolle as instalacións do Centro Asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), sobre terreos de 22.000 metros cadrados postos ao seu servizo pola desaparecida Caixa de Aforros de Pontevedra (canda a Deputación e o propio concello, un dos tres soportes que fixeron posible o ensino universitario entre nós, cando aínda non nacera a Universidade de Vigo e aquí non existía o seu campus).

No total desa superficie, a planta do edificio ocupa menos da súa sétima parte (3.000 metros cadrados). As case dúas hectáreas restantes (onde salientan árbores de gran porte, mesmo de especies exóticas) conforman un dos espazos arbóreos máis valiosos do noso termo municipal. O paradoxo é que, sendo de titularidade pública, permanece valado e non é accesible, contra o que é común cos recintos universitarios en todo o mundo.

A esa limitación podería dárselle solución coa simple apertura dunha ou dúas portas, que poidan pecharse durante a noite (como ocorre en Madrid co Retiro ou en Londres con moitos dos seus parques). En todo caso, manteríase a barreira que limita o acceso de vehículos a unicamente os autorizados polo centro.


Dado que con esa medida podería ese espazo de Monte Porreiro converterse nunha privilexiada zona de lecer da veciñanza, e dado que o alcalde de Pontevedra é membro da Xunta de Goberno do Padroado que o rexe, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta ao pleno a seguinte

PROPOSICIÓN

- 1- Instar o alcalde de Pontevedra a que leve á próxima reunión da Xunta de Goberno do Padroado da UNED a proposta de abrir o xardín do centro en Monte Porreiro ao uso público.
- 2- A cambio diso, instar á Xunta de Goberno do Concello a que busque encaixe no Orzamento Xeral do Concello dos gastos ocasionados polas obras necesarias, e a que resolva negociadamente o mantemento posterior do recinto en condicións axeitadas.

Pontevedra, 12 de xaneiro de 2017

Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra



Luís Rei Núñez